



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ACTA N.º 2/2019

### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 28 DE FEBREIRO DE 2019

#### ASUNTOS

#### I.- PARTE RESOLUTIVA

##### I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- DELEGACIÓN DE DETERMINADAS COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (ORAL) RELATIVAS AO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (I.A.E.) E Á TAXA POR OCUPACIÓN, UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL

I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

I.4.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA POSTA EN FUNCIONAMENTO DA COCIÑA DO CEIP HUMBERTO JUANES PARA SACAR A CONCURSO A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA XESTIÓN DO COMEDOR ESCOLAR

I.5.- DEMANDA PARA A EXENCIÓN DA PESCA ACCIDENTAL, DENTRO DA MODALIDADE DE PESCA ARTESANAL, DO SISTEMA DE TAC'S E COTAS IMPLANTADO POLA UE.

I.6.- MOCIÓN DE URXENCIA: RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL LABORAL

#### II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA (especial referencia á Providencia do 31-01-2019) RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL - Expediente: 2018004229SV

II.2.- AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO POLO CONCELLO DE NIGRÁN DO OBOXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018.

II.3.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO CONCELLO DE NIGRÁN DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018.

II.4.- RELACIÓN DE ORDES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018.

II.5.- ROGOS E PREGUNTAS

#### ASISTENTES:

#### Grupos:

#### Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

#### Concelleiros/as:

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas

- D. Diego García Moreira

- D. Rubén Rial Sánchez

- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

- D. José Luis Sanromán Román

- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

- D. Alberto García Pazos

- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño

- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto

- D. Miguel Alonso Fernández

- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo

- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

### Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 28 de febreiro de 2019
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinario
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:01
- *Hora de remate:* 22:30
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

### Incidencias:

- Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

### I.- PARTE RESOLUTIVA

#### I.1.- ACTA ANTERIOR

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data:* 31 de xaneiro de 2019.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 31 de xaneiro de 2019 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

#### I.2.- DELEGACIÓN DE DETERMINADAS COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (ORAL) RELATIVAS AO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (I.A.E.) E Á TAXA POR OCUPACIÓN, UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL

A Comisión Informa Especial de Contas, con data 20 de febreiro de 2019, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:





O Pleno da Corporación, na súa sesión de data 25/10/2018, aprobou a proposta da Comisión Informativa Especial de Contas de data 17/10/2018, sobre toma en consideración da moción presentada polo Grupo Municipal UNIÓN CENTRISTA DE NIGRÁN (UCN), que insta a esta Alcaldía a formalizar o expediente de delegación de competencias na Deputación Provincial (ORAL), para a inspección da “Taxa por ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local”, así como do “Imposto sobre Actividades Económicas”

Co fin de dar cumprimento ó referido acordo, ESTA ALCALDÍA-PRESIDENCIA formula a seguinte Proposta, que deberá someterse á aprobación do Pleno da Corporación:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por R.D. Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, establece:

“1. De conformidade con lo dispuesto en el artículo 106.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, las entidades locales podrán delegar en la comunidad autónoma o en otras entidades locales en cuyo territorio estén integradas, las facultades de gestión, liquidación, inspección y recaudación tributarias que esta ley les atribuye.(....)

2. El acuerdo que adopte el Pleno de la corporación habrá de fijar el alcance y contenido de la referida delegación y se publicará, una vez aceptada por el órgano correspondiente de gobierno, referido siempre al Pleno, en el supuesto de Entidades Locales en cuyo territorio estén integradas en los "Boletines Oficiales de la Provincia y de la Comunidad Autónoma", para general conocimiento.

3. El ejercicio de las facultades delegadas habrá de ajustarse a los procedimientos, trámites y medidas en general, jurídicas o técnicas, relativas a la gestión tributaria que establece esta ley y, supletoriamente, a las que prevé la Ley General Tributaria. Los actos de gestión que se realicen en el ejercicio de dicha delegación serán impugnables con arreglo al procedimiento que corresponda al ente gestor, y, en último término, ante la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Las facultades delegadas serán ejercidas por el órgano de la entidad delegada que proceda conforme a las normas internas de distribución de competencias propias de dicha entidad.

4. Las entidades que al amparo de lo previsto en este artículo hayan asumido por delegación de una entidad local todas o algunas de las facultades de gestión, liquidación, inspección y recaudación de todos o algunos de los tributos o recursos de derecho público de dicha entidad local, podrán ejercer tales facultades delegadas en todo su ámbito territorial e incluso en el de otras entidades locales que no le hayan delegado tales facultades.”

Ó abeiro do estipulado neste artigo, o Concello plantéxase delegar na Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL, determinadas competencias no ámbito da xestión tributaria, respecto dos seguintes tributos:





## Primeiro.- Imposto sobre Actividades Económicas

Poderíase decir que o Imposto sobre Actividades Económicas, é un tributo de xestión compartida entre a Administración Tributaria do Estado e as Entidades Locais, toda vez que a “xestión censal” do mesmo, corre a cargo da primeira, e a “xestión tributaria” propiamente dita corresponde ás Entidades Locais.

O Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo), ó regular este imposto establece:

- “Artículo 90. Gestión tributaria del impuesto.

1. El impuesto se gestiona a partir de la matrícula de éste. Dicha matrícula se formará anualmente para cada término y estará constituida por censos comprensivos de las actividades económicas, sujetos pasivos, cuotas mínimas y, en su caso, del recargo provincial.(...)”

- “Artículo 91. Matrícula del impuesto.

1. La formación de la matrícula del Impuesto, la calificación de las actividades económicas, el señalamiento de las cuotas correspondientes y, en general, la gestión censal del tributo se llevará a cabo por la Administración tributaria del Estado.(...)”

Tratándose de cuotas municipales, las funciones a que se refiere el párrafo primero de este apartado, podrán ser delegadas en los ayuntamientos, diputaciones provinciales, cabildos o consejos insulares y otras entidades reconocidas por las leyes y comunidades autónomas que lo soliciten, en los términos que reglamentariamente se establezca.

2. La liquidación y recaudación, así como la revisión de los actos dictados en vía de gestión tributaria de este impuesto se llevará a cabo por los ayuntamientos y comprenderá las funciones de concesión y denegación de exenciones y bonificaciones, realización de las liquidaciones conducentes a la determinación de las deudas tributarias, emisión de los instrumentos de cobro, resolución de los expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución de los recursos que se interpongan contra dichos actos y actuaciones para la información y asistencia al contribuyente referidas a las materias comprendidas en este apartado.

**3. La inspección de este impuesto se llevará a cabo por los órganos competentes de la Administración tributaria del Estado**, sin perjuicio de las delegaciones que puedan hacerse en los ayuntamientos, diputaciones provinciales, cabildos o consejos insulares y otras entidades locales reconocidas por las leyes y comunidades autónomas que lo soliciten, y de las fórmulas de colaboración que puedan establecerse con dichas entidades, todo ello en los términos que se disponga por el Ministro de Hacienda.(...)”

Por outra banda, o Real Decreto 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas e se regula a





delegación de competencias en materia de xestión censal de dito imposto, establece:

“Artículo 18. Comprobación e investigación.

1. La inspección del Impuesto sobre Actividades Económicas se llevará a cabo por los órganos competentes de la Administración tributaria del Estado. En el ejercicio de sus funciones, la inspección desarrollará las actuaciones de comprobación e investigación relativas a este impuesto, practicará las liquidaciones tributarias que, en su caso, procedan y notificará la inclusión, exclusión o alteración de los datos contenidos en los censos resultantes de las actuaciones de inspección tributaria, todo ello tanto en relación a cuotas provinciales y nacionales como a cuotas municipales.

2. No obstante, cuando se trate de cuotas municipales, las competencias en materia de inspección del impuesto podrán ser delegadas por el Ministro de Hacienda en los ayuntamientos, diputaciones provinciales, consejos y cabildos insulares, comunidades autónomas y otras entidades reconocidas por las leyes que lo soliciten.

Las diputaciones provinciales, consejos y cabildos insulares, comunidades autónomas y otras entidades reconocidas por las leyes harán constar expresamente en la solicitud de delegación de competencias los términos municipales de su ámbito territorial en los que vayan a desarrollar las competencias solicitadas.

La solicitud deberá presentarse, antes del 1 de octubre del año inmediato anterior a aquel en el que haya de surtir efecto, ante la Delegación de la Agencia Estatal de Administración Tributaria.

La delegación se llevará a efecto mediante orden del Ministro de Hacienda publicada en el "Boletín Oficial del Estado" antes del inicio del año natural en el que haya de surtir efecto. A tal fin, el Director General de la Agencia Estatal de Administración Tributaria, previos los informes y estudios que estime oportunos, propondrá al Ministro de Hacienda la concesión o denegación de las solicitudes. (...)"

A Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 10 de xuño de 1992, pola que se desenvolve a delegación e colaboración na inspección do Imposto sobre Actividades Económicas establece:

“Art. 4. A) La delegación se podrá solicitar:

a) Por los Ayuntamientos.

b) Por las Diputaciones provinciales, Cabildos o Consejos insulares y Comunidades Autónomas, **respecto de los Ayuntamientos que les hayan delegado o encomendado la gestión del Impuesto, con arreglo al artículo 7. o disposición transitoria 11 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre.(...)"**

Da lectura das normas transcritas pódense extraer as seguintes conclusións:





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

1º.- A xestión censal, así como a **inspección** deste imposto, corresponde, de seu, á Administración Tributaria do Estado, sen prexuízo das delegacións que ésta poida facer nos Concellos, Deputacións Provinciais e demais entidades locais. Polo tanto, o Concello non pode delegar na Deputación nin en ningunha outra Administración, unha competencia que non lle é propia.

2º.- O Concello, non dispón, neste intre, dun servizo de “inspección tributaria”, dotado cos medios persoais adecuados e/ou suficientes para levar a cabo tal función co rigor, formalidades e procedemento que establecen os artigos 141 e segs. da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, e os artigos 166 e seguintes do Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos. Dito esto, e por razóns obvias, non sería lóxico que o Concello solicitara da Administración Tributaria do Estado, a delegación da competencia de “inspección” do IAE.

3º.- A Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL, dispón de tódolos medios necesarios para levar a cabo tal competencia, previa delegación por parte do Ministerio de Facenda, pero solo respecto dos Concellos que lle teñan delegado a xestión tributaria do imposto. Polo que, en aras dunha maior eficacia na tramitación deste imposto, resulta procedente que sexa esa Administración a que concentre as competencias de inspección e de xestión tributaria do mesmo.

A remuneración da Deputación Provincial polo desempeño das competencias delegadas por este imposto, será a estipulada en cada momento pola súa “Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polos Servizos de Xestión, Inspección e Recadación que se prestan pola Deputación Provincial de Pontevedra”. Según o texto en vigor de dita Ordenanza, sería:

- Pola xestión tributaria, o 1 % sobre o importe neto das liquidacións emitidas, xa sexan individuais ou colectivas, excluída a recarga provincial.
- Pola recadación en periodo voluntario, o 3,5 % sobre o importe neto do Principal recadado neste periodo, excluída a recarga provincial.
- Pola recadación en periodo executivo, o importe das recargas do periodo executivo dos valores recadados neste periodo, mai-las costas.
- Pola inspección do imposto:
  - Sobre o importe recadado en periodo voluntario, das liquidacións que se practiquen como consecuencia dos actos de inspección, excluíndo a recarga provincial, ..... 21,5 %.
  - Sobre o importe recadado en periodo executivo, das liquidacións que se practiquen como consecuencia dos actos de inspección, excluíndo a recarga provincial, ..... 18 % + Recargas do periodo executivo + Costas.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- O importe das sancións que impoña a Deputación Provincial por infraccións cometidas polos contribuíntes ou obrigados ó pago deste imposto, corresponderalle, na súa totalidade á Deputación Provincial.

### **Segundo.- Taxa por ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, que deben aboar as empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario.**

A Ordenanza Fiscal reguladora da “Taxa por ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local”, establece no seu artigo 2: “Constitúe o feito impositivo da Taxa a ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local do Concello de Nigrán”.

Asimismo, o artigo 6.1.a) establece: “Para as empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario (telefonía por fío, enerxía eléctrica, gas, televisión por cable, etc.), a contía da taxa regulada nesta ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as mencionadas empresas. (...)”

O artigo 7.2 establece: “A taxa prevista no punto 1.a) do artigo anterior deberá ser satisfeita polas empresas prestadoras de servizos de subministros que afecten á xeneralidade do vecindario, en tanto sexan propietarias da rede que materialmente ocupa o solo, sósolo ou voo das vías públicas municipais, como no suposto que utilicen redes que pertencen a un terceiro.”

Finalmente, o artigo 10 establece: “1.- A taxa exixirase no réxime de autoliquidación. 2.- As autoliquidacións correspondentes ao apartado 6.1.a) desta ordenanza fiscal, realizaranse polos suxeitos pasivos por cada trimestre natural, debéndose presentar, (e no seu caso, pagar) no Concello de Nigrán dentro dos quince primeiros días do trimestre natural seguinte ao que estén referidas.”

Efectivamente, a xeneralidade de empresas subministradoras ás que fan referencia estes artigos da Ordenanza, presentan e pagan ó Concello as súas autoliquidacións trimestrais, ou, no seu caso, as correspondentes declaracións sobre os ingresos brutos procedentes da súa facturación neste termo municipal, co fin de que o Concello practique a oportuna liquidación. Nembargantes, tal e como xa se explicou, o Concello non ten, neste intre, medios adecuados e/ou suficientes para realizar a correspondente inspección ou comprobación posterior da veracidade dos datos sobre facturación contemplados nesas declaracións e autoliquidacións, o cal podería supoñer unha perda de ingresos polos importes non declarados ou autoliquidados. En consecuencia, e xa que a Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL, dispón de tales medios, procede delegar na mesma a competencia de “inspección” de dita taxa, incluíndo a emisión das liquidacións derivadas desa inspección, e a súa recadación e revisión.

A remuneración da Deputación Provincial polo desempeño das competencias delegadas desta taxa, según o texto en vigor da súa Ordenanza Fiscal antes citada, sería:





- Sobre o importe recadado en período voluntario, das liquidacións que se practiquen como consecuencia dos actos de inspección, ..... 23 %
- Sobre o importe recadado en período executivo, das liquidacións que se practiquen como consecuencia dos actos de inspección, ..... 20 % + Recargo + Costas
- O importe das sancións que impoña a Deputación Provincial por infraccións cometidas polos contribuíntes ou obrigados ó pago desta taxa, corresponderalle, na súa totalidade á Deputación Provincial.

### PROPOSTA DE ACORDO

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

**1.-** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 13.02.19, referencia T19/19 .

**2.-** Delegar, na Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL), de acordo co disposto no artigo 7 do R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 do R.D.939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, as seguintes facultades:

- Xestión, Liquidación, Recadación e Revisión do Imposto sobre Actividades Económicas.
- “Inspección” da Taxa por ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, que deben aboar as empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario (telefonía por fío, enerxía eléctrica, gas, televisión por cable, etc.), así como a emisión, recadación e revisión das liquidacións derivadas desa inspección.

**3.-** Ambas dúas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, así como no disposto no artigo 8 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación Provincial de Pontevedra.

O Concello deberá prestar a colaboración necesaria nos seguintes aspectos: a localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ó pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades; poñer a disposición dos Servizos Tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e as normas que a desenvolven; así como a exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello e outros lugares de costume, dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas.







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

A Deputación Provincial porá a disposición do Concello os medios necesarios para o suministro da colaboración, e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo á súa disposición a información sobre a situación dos recursos xestionados.

A representación e defensa polos Letrados da Deputación Provincial – ORAL, nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas ou encomendadas, será gratuíta para o Concello. Os gastos de procurador, cando fora necesario, serán asumidos pola Deputación Provincial – ORAL. O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso, constituirá un ingreso para a Deputación de Pontevedra – ORAL. En caso de condena en costas da Deputación de Pontevedra – ORAL, o importe da minuta será asumida pola Deputación, salvo que a condena en costas fose consecuencia de sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas polo Concello de Nigrán, suposto no que será asumida por éste.

**4.-** O período de vixencia da delegación será de dez anos, contados dende a data de formalización do correspondente Convenio, prorrogable por periodos de cinco anos excepto denuncia expresa de calquera das partes. A denuncia do Convenio deberá efectuarse coa antelación dun ano con respecto á data prevista de remate da vixencia do mesmo.

**5.-** A delegación sométese ás condicións establecidas nas Bases para a prestación do servizo aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial na data 20/07/1992, na súa redacción vixente; na Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación de servizos, aprobada polo Pleno da Deputación Provincial na data 31/10/2014, na Ordenanza Fiscal Xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), aprobada polo Pleno da Deputación Provincial na data 22/02/2013, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

**6.-** Facúltase ó Sr. Alcalde-Presidente para que, en nome e representación do Concello de Nigrán, formalice o correspondente convenio coa Deputación Provincial, así como os demais documentos que procedan.

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Trátase dunha iniciativa do seu grupo que parte do acordo que subscribira co goberno para a aprobación dos orzamentos. A recadación das compañías contribuíntes mantense estable, a pesar da evolución ascendente da súa actividade, e polo tanto da súa facturación. O Concello non está controlando este ingreso. Noutros concellos semellantes a recadación da taxa é considerablemente máis alta. A falta de medios non é escusa, xa que se pode acudir á Deputación. No IAE pasa algo parecido, coa particularidade de que hoxe temos un polígono con empresas grandes. A xestión municipal deste imposto é moi deficiente. Confía en que os resultados mellorarán con este acordo.

*D<sup>a</sup>. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular:* Manteñen a postura que sostiveron na Comisión.





*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* É unha iniciativa positiva. Están a favor.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* No IAE a inspección é estatal e ao delegar a xestión no ORAL a Deputación pode pedir ao Estado que lle delegue a inspección. Pensa que o que se propón liberaría de traballo burocrático ao Concello coas vantaxes que iso supón.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Será un beneficio para o Concello e por iso o apoiarán.

*Sr. Fernández Comesaña:* O custe que suporá verase compensado polo beneficio obtido. Agradece o apoio.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, que representa a maioría absoluta legal, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVO.**

A Comisión Informa Especial de Contas, con data 20 de febreiro de 2019, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

O Pleno da Corporación, na súa sesión de data 25/10/2018, aprobou a proposta da Comisión Informativa Especial de Contas de data 17/10/2018, sobre toma en consideración da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista Obrero Español (P.S.O.E.), que insta á modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola Expedición de Documentos Administrativos, no importe e os epígrafes das tarifas da mesma.

Co fin de dar cumprimento ó referido acordo, ESTA ALCALDÍA-PRESIDENCIA formula a seguinte Proposta, que deberá someterse á aprobación do Pleno da Corporación:

#### **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

**1.-** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 13.02.19, referencia T 18/19 .

**2.-** Tendo en conta que as actuais tarifas da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola Expedición de documentos administrativos, considéranse excesivas ou innecesarias en certos apartados, e nembargantes hay outros feitos impositivos que, aínda supoñendo gasto





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

directo ou indirecto para o Concello, non están gravados, proponse ó Pleno da Corporación a modificación das referidas tarifas nos epígrafes e/ou apartados que se relacionan, mantendo os demais nos mesmos termos e contías vixentes:

### I.- Certificacións e informes

2.- Certificados do Padrón municipal de habitantes (excluídos os voantes de empadroamento que serán gratuítos):

2.1.- De unidade familiar do Padrón vixente	3,00 €
2.2.- Individual do Padrón vixente	1,50 €
2.3.- De unidade familiar de padróns anteriores	6,00 €
2.4.- Individual de padróns anteriores	3,00 €

### II.- Copias impresas ou fotocopiadas de documentos

1.- Reproducción cartográfica en papel e demais documentos en xeral, por folla, según tamaño e cor:

1.1.- Tamaño DIN A4	B/N 0,10 €; Cor 0,50 €
1.2.- Tamaño DIN A3	B/N 0,50 €; Cor 1,50 €

Suprímese o apartado 3 do epígrafe II "Compulsas e copias auténticas de documentos (a engadir ó importe da copia)

A presente modificación entrará en vigor a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia, do acordo de aprobación definitiva.

#### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Proponse rebaixar a taxa pola expedición de certos documentos, xa que se entendía que había contías excesivas. Isto inclúe as compulsas gratuítas. Estamos falando da aprobación inicial, e haberá posteriormente unha información pública.

*D<sup>a</sup>. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular:* É unha boa iniciativa.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Están a favor.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* É unha taxa anacrónica, que podería suprimirse. Trátase de necesidades dos cidadáns. O estudo económico é chocante polo esaxerado dos custes directos e indirectos que contempla.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Parécelle ben que se rebaixe a taxa, pero hai que distinguir casos e, por outra parte, a súa existencia tamén evita peticións abusivas.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Algúns xa son gratuítos, como é o caso dos volantes do padrón. Pensa que son cantidades xustas, sen prexuízo do que se poida alegar no período de información pública.





*Sr. Fernández Comesaña:* Xa se eliminou a posibilidade de copias na Biblioteca e no Centro Antena. As que se fan no Concello son por necesidade.

*Sr. Secretario:* No acordo debe constar que se trata dunha aprobación provisional, á que debe seguir a tramitación prevista no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello aproba a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, tendo o presente acordo carácter provisional, polo que debe continuarse a tramitación do expediente de conformidade co previsto no art. 17 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **I.4.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA POSTA EN FUNCIONAMENTO DA COCIÑA DO CEIP HUMBERTO JUANES PARA SACAR A CONCURSO A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA XESTIÓN DO COMEDOR ESCOLAR**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de febreiro de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción subscrita por toda a Corporación Municipal.

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A dirección, a ANPA e o Consello Escolar do CEIP Humberto Juanes de Nigrán está traballando nun proxecto de rehabilitación da cociña do centro co obxectivo de que no curso 2019-20 poidase ofertar dende a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a explotación de dita cociña para elaborar o xantar dos nenos e nenas deste centro Educativo.

Non se trata dun capricho nin dunha proposta utópica xa que, por un lado, o cociñado no propio Centro conlevará unha alimentación moito máis san para o seu alumnado e por outro esta fórmula de contratación do servizo da xestión do comedor escolar en centros educativos por procedemento aberto é unha realidade en polo menos 32 centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CEIP Humberto Juanes de Nigrán dispón das instalacións adecuadas para a creación de esa cociña, por suposto adaptada as necesidades do centro e as obrigas sanitarias, e só precisaría unha habilitación da cociña cuxo custo estimado nuns 83.900€ podería financiarse cun convenio entre o Concello de Nigrán e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou daquel xeito que fora realizable no menor prazo de tempo posible.





Hai que sinalar que as administracións educativas potenciarán que os centros públicos poidan ofrecer actividades e servizos complementarios co fin de favorecer que amplíen a súa oferta educativa para atender as novas demandas sociais, así como que poidan dispoñer dos medios adecuados, particularmente daqueles centros que atendan unha elevada poboación de alumnos con necesidade específica de apoio educativo. O comedor escolar nestes intres vai máis alá, xa que alcanza novas virtualidades, derivadas da súa condición de importante instrumento para a conciliación da vida laboral e familiar.

### 1.- SEGURIDADE ALIMENTARIA

O servizo de restauración para colectivos numerosos conleva unha carga importante de responsabilidade considerado o crecente número de alerxias alimentarias, intolerancias e dietas especiais.

Para traballar coa máxima tranquilidade e conseguir os mellores resultados, requírese un sistema de traballo que elimine calquera risco de contaminación cruzada ou ruptura da cadea de frío asegurándose ao mesmo tempo a hixiene.

### 2.- ALIMENTACIÓN SAUDABLE

A alimentación é un dos piares fundamentais da saúde e máis relevante se falamos dos nosos nenos e nenas, xa que a través dela reciben os nutrientes necesarios para o seu óptimo crecemento e desenvolvemento.

É moi importante dar un paso ao fronte, cara hábitos alimenticios que contraresten a tendencia do uso de produtos ultraprocesados cun baixo ou case nulo valor nutricional a través de ingredientes como: azúcares refinados, grasas vexetais pouco saudables, fariñas refinadas, aditivos de todo tipo, exceso de sal.

Con todo o anteriormente exposto, independentemente da elaboración por parte de profesionais de menús equilibrados, como se fai actualmente, privilexariámos produtos frescos procedentes do comercio local.

### 3.- COCIÑAR "IN SITU"

O actual sistema de catering prevé que todas as fases previas ao consumo do prato (pedidos, recepción, almacenamento, elaboración ) sexan realizadas fora dos centros. Somentes a derradeira fase a de conservación da temperatura e empratado faise no destino final.

Este proceso pode ser válido e o resultado final non sempre se ve prexudicado. Actualmente é o que temos no colexio.

- CALIDADE DO COCIÑADO E VARIACIÓN DA TEMPERATURA: no noso centro a modalidade de catering establece que a comida sexa transportada en contedores que





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

manteñen a temperatura dos alimentos. Os controles son estritos do contrario pódese poñer en perigo a seguridade dos comensais. O problema é que os menús elaborados para axustarse a este modelo de servizo de catering poden ser menos variados.

- **CULTURA NA COCIÑA:** Separar fisicamente o proceso de elaboración dos pratos do resultado final, alonxa aos nenos e as nenas da materia prima, da súa transformación, do concepto de esforzo e traballo.

Non todas as familias poden transmitir estes coñecementos nin valores transversais aos seus fillos e fillas e a actividade diaria da cociña nos colexios pode contribuír a colmar esta lagoa, transformándoa nunha ferramenta educativa.

- **COCIÑA FAMILIAR:** En toda casa hai unha cociña, que soe ser un dos ambientes máis frecuentados polos nosos nenos e nenas. Este lugar cobra unha importancia enorme nas primeiras etapas da vida, nas que a nutrición cubre un papel fundamental no ritmo de cada día. Poñer a funcionar unha cociña no cole, pode axudar a vivilo como un ambiente máis cercano e familiar.
- **MENÚ A MEDIDA:** É moi importante coñecer a quen alimentamos. Se o obxectivo é conseguir unha alimentación san e ao mesmo tempo rica, non debemos esquecer o aspecto subxectivo que ten esta valoración. Un prato espectacular para un adulto, en ocasións, non poderá despertar ningún interese para o público infantil. De nada serve ter pratos moi sans e ben elaborados, se os nosos comensais non os comen. Para elo é moi importante a elaboración de menús equilibrados e axustados aos perfís do noso alumnado.
- **MENÚ PARA PÚBLICO INFANTIL:** O período escolar é unha etapa marcada por un gran desenvolvemento físico e intelectual, adquisición de capacidades e destrezas. É un momento esencial no que inculcar e consolidar uns correctos hábitos de alimentación e de estilo de vida en xeral que van definir a saúde do alumnado e, polo tanto, a saúde do adulto no que se convertirá. A escola, convírtese nunha área estratéxica, xa que é un medio idóneo para a divulgación, aprendizaxe e realización de hábitos e estilo de vida saudables.

Resulta imprescindible a realización e elaboración de pratos que sexan atractivos para os cativos e que ao mesmo tempo aporten os nutrientes que necesitan.

Por todo iso a Corporación de Nigrán por unanimidade propoñemos para a súa aprobación polo Pleno do Concello os seguintes **ACORDOS:**

Solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a posta en funcionamento da cociña do CEIP Humberto Juanes e sacar a concurso a contratación do servizo da xestión do comedor escolar por procedemento aberto suxeito a regularización harmonizada e tramitación urgente.

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Trátase de recuperar a cociña existente para unha mellor atención aos nenos. Todos os grupos, a ANPA e a dirección están de acordo con esta petición. A proposta é de toda a Corporación, que argumenta sobre as vantaxes deste sistema. Tratarán tamén de entrevistarse coa persoa responsable da Consellería.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Comparten a iniciativa e pensa que melloraría a situación actual. Espera que a Xunta sexa sensible á petición.





*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Coinciden nos beneficios que representa esta proposta, tanto para os nenos coma para o comercio local. O Concello tamén está disposto a apoiar economicamente a adecuación das instalacións.

**Acordo.-** Por unanimidade dos 17 membros da Corporación, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.5.- DEMANDA PARA A EXENCIÓN DA PESCA ACCIDENTAL, DENTRO DA MODALIDADE DE PESCA ARTESANAL, DO SISTEMA DE TAC'S E COTAS IMPLANTADO POLA UE.**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de febreiro de 2019, previa declaración de urxencia, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción subscrita polo representante do grupo BNG.

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A presenta iniciativa ten como principal obxectivo pór de relevo a desigualdade de trato e a inxustiza existente no sector pesqueiro por mor do actual sistema de reparto de TACs e cotas (distribución das posibilidades de pesca) para a frota de artes menores.

Até hai pouco, na Unión Europea (UE) definíase a pesca costeira artesanal como a desenvolvida por buques inferiores a 12 metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por buques de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial.

Isto implicaba que todas as embarcacións maiores de 12 metros quedarían fóra da categoría de pesca costeira artesanal, supoñendo importantes prexuízos para esta frota — ex. non poder acceder ás axudas dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP's) con fondos FEMP —.

A día de hoxe, a UE está a utilizar unha definición multiparamétrica da pesca costeira artesanal, sendo necesario para o recoñecemento desta frota como tal, o cumprimento de polo menos tres, dos cinco criterios seguintes:

1. Eslora das embarcacións inferior a 12 metros.
2. Distancia do caladoiro, faenar dentro de augas nacionais.
3. Duración máxima das mareas: 24 horas.
4. Utilización de artes de pesca sostibles.
5. Máximo de 4 tripulantes enrolados e a bordo.

Até o ano 2013, a normativa estatal na materia (Orden ARM/271/2010, do 10 de febreiro, modificada pola Orden ARM/3315/2010, do 21 de decembro) establecía uns criterios para o reparto e xestión das cotas de diferentes especies por modalidades de pesca e dentro de cada modalidade por tripulante embarcado a bordo e día.

A partires de dita anualidade e a través da Orden AAA/1307/2013, do 1 de xullo, derogada pola Orden AAA/2534/2015, establecéronse plans de xestión para a distribución das posibilidades de pesca e un sistema de reparto distinto ao que historicamente se viña aplicando, vencellado directamente cos datos de consumo de capturas históricas (datos obrantes na SEGEPESCA do período 2002-2011), ás que se lle deron prioridade fronte a aspectos socio-económicos das frotas afectadas nas distintas pesqueiras, ou o que é o mesmo, sen terse en conta que Galicia representa o





90% da frota de artes menores do Cantábrico-Noroeste, e a que, en aplicación do criterio por históricos, non acada máis dun 15% de cota nalgunhas especies.

En fin, pasouse dunha pesqueira lineal para todos os buques (cada embarcación dentro das súas capacidades de pesca e almacenamento e sen criterios de reparto por comunidade autónoma ou outras divisións territoriais) para se converter nunha fonte de desequilibrio interrexional dentro dun mesmo estado.

Asemade, catro anos despois da entrada en vigor da nova política pesqueira comunitaria (PPC), o sector da pesca artesanal segue sen poder cadrar esixencias, prohibicións e obxectivos. Bruxelas deixouno sen marxe de manobra, combinando cotas escasas e unha impracticable obriga de desembarco para todas as capturas. Dende o 01/01/2019 coa aplicación da política de “descartes cero”, poderá haber embarcacións que teñan que parar, despedir tripulacións ou incluso ser despegadas.

A PPC, non está pensada nin adaptada á realidade da pesca artesanal e na UE só se escoitan e teñen en conta as demandas dos grandes lobbies pesqueiros, sen pórse en marcha medidas específicas para este segmento da frota. Sen dúbida haberá problemas e podería chegar un momento no que a pesca artesanal quedase desmantelada.

Trátase pois dunha preocupante situación, de todo dramática para as comunidades pesqueiras de Galiza, altamente dependentes dunha actividade que da emprego directo a máis de 9.000 persoas.

En definitiva, está dabondo demostrado que no intre de repartires as posibilidades de pesca, a frota artesanal sempre sae mal parada e discriminada, aínda tratándose da máis sostíbel, sustentábel e respectuosa co medio mariño e a que garante menores capturas, mais de maior calidade.

Por todo O anteriormente exposto, O Grupo Municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Nigrán a adopción dos seguintes

### ACORDOS

O Pleno do Concello de Nigrán SOLICITA aos Grupos Políticos con representación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados, que adopten e executen as seguintes decisións:

1. PROMOVER E CONSENSUAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA MATERIALIZAR A EXCLUSION DAS CAPTURAS ACCESORIAS OU ACCIDENTAIS DA FROTA COSTEIRA ARTESANAL DO SISTEMA DE TACs E COTAS, DADA A SUA MULTIESPECIFICIDADE E POLO TANTO O SEU ESCASO IMPACTO NO ESTADO DOS RECURSOS MARINOS.

Dentro da pesca costeira artesanal, compre establecer criterios de diferenciación entre o que significa a pesca accidental e a pesca dirixida. O tratamento das dúas modalidades debería ser de todo independente: a accidental debe estar á marxe dos criterios de TACs e cotas ou de obriga de desembarco, dado que representa as capturas de especies accesorias durante a pesqueira dunha especie obxectivo. Por outra banda, a dirixida oriéntase á pesqueira dunha determinada especie, debéndoselle aplicar unha xestión das posibilidades de pesca a través de criterios de reparto que garanten igualdade de condicións entre as unidades de frota participantes.

2. REQUIRIR UN TRATAMENTO DISTINTO E DIFERENCIADO DA XESTIÓN DAS POSIBILIDADES DE PESCA DA FROTA ARTESANAL CON RESPECTO AS FROTAS INDUSTRIAL E/OU SEMIINDUSTRIAL.







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

As embarcacións de pesca costeira artesanal son de pequeno porte, empregan artes e aparellos de pesca altamente selectivos, desenvolven a súa actividade pesqueira de forma tradicional, sostible, cun baixo volumen de capturas de especies moi diversas e de gran calidade.

A pesca costeira artesanal nas súas diferentes modalidades realízase de xeito exclusivo en augas interiores e cunha importante dependencia socioeconómica, tendo en conta a gran cantidade de postos de traballo que xera, tanto directos como indirectos.

### 3. CONTINUAR RECLAMANDO QUE A PESCA COSTEIRA ARTESANAL QUEDE EXENTA DA OBRIGA DE DESEMBARQUE.

É indispensable seguir insistindo ante a Unión Europea, que a normativa que regula a obriga de desembarque de capturas para a frota costeira artesanal, quede sen efecto.

O feito de aplicar o regulamento tal e como está redactado, podería supoñer que non se poida desenvolver a actividade pesqueira, cando se poden acreditar as boas condicións dos caladoiros galegos, debido a forma de traballo sostible da pesca costeira artesanal.”

#### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Este é un problema grave para o sector da pesca artesanal. Nestas artes as capturas accidentais son moi elevadas con problemas derivados desa situación para os pescadores.

*D<sup>a</sup>. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular:* Vista a documentación votarán a favor.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Están a favor.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Discrepa de que este sexa o foro para debater isto. O propio grupo propoñente podería levalo directamente ás institucións competentes. Pode haber un certo oportunismo electoralista. Absterase.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A proposta tamén é dos mariñeiros.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Trasládase unha petición da Confraría, de aí que non sexa oportunista. O seu grupo tamén apoiará a iniciativa noutros foros. Pide que tamén se lle dea conta do acordo á propia Confraría.

*Sr. Fernández Comesaña:* Comparte o fondo, e pode cambiar a súa postura, a pesar do que xa dixo, de modo que, finalmente, apoiará a proposta.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.





Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## I.6 – MOCIÓN DE URXENCIA: RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL LABORAL

Formulada polo grupo municipal de *Nigran Decide* nos seguintes termos:

### Exposición de motivos

I. Na tramitación dos orzamentos do ano 2018 o grupo municipal de NIGRÁN DECIDE presentou unha emenda ás bases orzamentarias na que se incluía que “En ningún caso o persoal laboral do Concello con xornada completa terá unhas retribucións inferiores a 13.863,78 euros anuais ou a parte proporcional no caso de persoal a tempo parcial”. Dita emenda foi emendada a súa vez polo goberno para que esa cláusula so tivera efecto a partir da entrada en vigor do orzamento.

II. Durante o ano 2018 foi contratado diverso persoal laboral temporal ao que o goberno municipal discriminou salarialmente segundo a fonte de financiamento para realizar esas contratación dese persoal. O exemplo mais claro está nos conserxes aos que segundo o goberno se lle abonan os salarios establecidos polo convenio colectivo cando son contratados cunha subvención procedente da Xunta de Galicia ou o Salario Mínimo Interprofesional cando son contratados cunha subvención procedente da Deputación.

É por todo o anteriormente exposto polo que o Grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE presenta ao pleno do Concello de Nigrán a seguinte proposta de ACORDO:

O Pleno Concello de Nigrán acorda insta ao goberno municipal e ao Alcalde a:

1. A aplicar a base 31ª “Gastos de persoal” das bases de execución orzamentaria do orzamento do Concello de Nigrán, a todo o persoal laboral do concello aboándolle como salario un mínimo de 13.863,78 euros anuais ou a parte proporcional no caso de persoal a tempo parcial.

2. A aplicar con carácter retroactivo aos traballadores contratados temporalmente durante ano 2018 o convenio colectivo de aplicación (Oficinas e despachos, Construción, Forestal, etc.)

### A) Declaración da urxencia

**Deliberación sobre a urxencia.** Síntese das intervencións:

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Presentouse en tempo e forma, pero non se incluíu nas Comisións Informativas.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Non sabe por que non foi á Comisión Informativa. Votará a favor. Tamén lle chama a atención que non se pedira incluila por urxencia na Comisión.





*Sr. Cuevas Raposo:* Non quixeron suplicar na Comisión o que era un dereito. Hai algunha rectificación sobre a proposta inicial.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Asume o que pasou. Foi un erro.

**Votación e acordo relativo á urxencia.-** Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

## **B) Fondo do asunto**

**Deliberación sobre o fondo do asunto.-** Síntese das intervencións:

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Explica os dous puntos do acordo. Ínstase ao Alcalde a cumprir a base de execución aprobada. O goberno non promoveu a aplicación dos convenios aplicables. En 2018 houbo contratos laborais temporais, pero non a todos os conserxes se lles aplicou o mesmo réxime retributivo. No ano actual contrátanse albaneis que cobrarán máis que os de 2018 por aplicación dun réxime distinto. Tamén está o caso dos peóns forestais. Os dereitos prescriben a un ano, por isto piden a aplicación retroactiva do convenio.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Búscase a contía máis favorable nas contratacións de 2019.

*Sr. Cuevas Raposo:* A Base 31 é unha contía superior ao salario mínimo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O punto 2 non sabe se é viable, pero requirirá informes. Parece que é unha moción de toma en consideración.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Non hai elementos de xuízo para tomar unha decisión. Propón unha emenda de modificación do apartado 2 e de adición dun apartado 3, nos seguintes termos:

2.- Iniciar un procedemento de revisión con carácter retroactivo dos salarios aboados aos traballadores contratados temporalmente durante ano 2018 polo Concello e Nigrán, adaptando este salarios ó convenio colectivo de aplicación (Oficinas e despachos, Construción, Forestal, etc.), sempre e cando os informes técnicos preceptivos así o determinen.

3.- Aboar as diferencias salariais ós traballadores afectos a maior brevidade posible, en caso de que o procedemento de revisión realizado constate déficits retributivos.





*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Se o Concello incumpre o seu propio acordo debería corrixir esa actuación. Pensa que o punto 2 é máis problemático e ten repercusión económica.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Esta sería unha toma en consideración, porque non é o momento de tomar o acordo sen informes.

*Sr. Fernández Comesaña:* Habería que fiscalizar previamente o gasto.

*Sr. Rodríguez Fernández:* O punto 1 non ten dúbida. O punto 2 require informes. Nestes termos non pode adoptar unha posición. Tamén lle parece ben a proposta do Grupo Popular.

*Sr. García Pazos:* A cuestión é garantir o pago en breve prazo, se procede.

*Sr. Cuevas Raposo:* É o Alcalde o que di que hai que aplicar os convenios correspondentes. A Inspección, no Concello de Baiona, indicou que procede pagar o retribuído de menos. Aceptan a emenda do Grupo Popular.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O punto 1 quedaría como na moción e os puntos 2 e 3 segundo a emenda do PP, aceptada polo proponente, á que lle da lectura.

**Votación e acordo sobre o fondo do asunto.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, á vista da Moción do grupo Nigrán Decide e da emenda do grupo Popular, adopta o seguinte **ACORDO**:

#### Exposición de motivos

I. Na tramitación dos orzamentos do ano 2018 o grupo municipal de NIGRÁN DECIDE presentou unha emenda ás bases orzamentarias na que se incluía que "En ningún caso o persoal laboral do Concello con xornada completa terá unhas retribucións inferiores a 13.863,78 euros anuais ou a parte proporcional no caso de persoal a tempo parcial". Dita emenda foi emendada a súa vez polo goberno para que esa cláusula so tivera efecto a partir da entrada en vigor do orzamento.

II. Durante o ano 2018 foi contratado diverso persoal laboral temporal ao que o goberno municipal discriminou salarialmente segundo a fonte de financiamento para realizar esas contratación dese persoal. O exemplo mais claro está nos conserxes aos que segundo o goberno se lle abonan os salarios establecidos polo convenio colectivo cando son contratados cunha subvención procedente da Xunta de Galicia ou o Salario Mínimo Interprofesional cando son contratados cunha subvención procedente da Deputación.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### Parte dispositiva

O Pleno Concello de Nigrán acorda instar ao goberno municipal e ao Alcalde a:

1. A aplicar a base 31ª “Gastos de persoal” das bases de execución orzamentaria do orzamento do Concello de Nigrán a todo o persoal laboral do concello aboándolle como salario un mínimo de 13.863,78 euros anuais ou a parte proporcional no caso de persoal a tempo parcial.
- 2.- Iniciar un procedemento de revisión con carácter retroactivo dos salarios aboados aos traballadores contratados temporalmente durante ano 2018 polo Concello e Nigrán, adaptando este salarios ao convenio colectivo de aplicación (Oficinas e despachos, Construción, Forestal, etc.), sempre e cando os informes técnicos preceptivos así o determinen.
- 3.- Aboar as diferencias salariais os traballadores afectos á maior brevidade posible, en caso de que o procedemento de revisión realizado constate déficits retributivos.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA

**II.1.1.- Resolucións.** Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16 de xaneiro de 2019 (n.º 2019000072) e o 15 de febreiro de 2019 (n.º 2019000297), ambos incluídos.

**II.1.2.- Comunicacóns.** Especial referencia á Providencia do 31-01-2019 RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL; Expediente: 2018004229SV. Entre a documentación posta á disposición dos membros da Corporación con ocasión da convocatoria desta sesión, consta a que di:

#### PROVIDENCIA - RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL -

Expediente: 2018004229SV  
Asunto: Responsabilidade patrimonial de autoridades ou empregados públicos.  
Sanción imposta ao Concello de Nigrán pola Consellería de Sanidade.

Trámite: Incoación e alegacións

### Antecedentes

1. Con data 22/03/2018 o Director Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia ditou resolución que resolveu o expediente sancionador 2017309AM-PO incoado fronte ao Concello de Nigrán pola comisión dunha infracción prevista na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (LSG). A resolución impuxo ao Concello unha sanción de multa de 3.005,7 euros.





O tipo infractor aludido é o art. 42.e da LSG, que considera infracción grave:

“O incumprimento, por negligencia grave, dos requisitos, das condicións, das obrigas ou das prohibicións establecidas na vixente lexislación en materia sanitaria, así como calquera outro comportamento que supoña imprudencia grave, sempre que ocasionen alteración ou risco sanitario, aínda que sexan de escasa entidade. E o mesmo incumprimento e comportamento cando, cometidos por negligencia simple, produzan risco ou alteración sanitaria grave. Para os efectos desta alínea, constituirá un suposto de negligencia a omisión do deber de control ou a falta dos controis ou das precaucións exixibles na actividade, no servizo ou na instalación da que se trate.”

O artigo 44 da LSG establece a gradación das sancións, correspondendo a multa imposta ao importe mais baixo posible dentro do grao mínimo (de 3.005,06 a 6.010,12 euros)

A resolución foi recorrida en alzada polo Concello por considerar que non se axustaba a Dereito, sendo este recurso rexeitado mediante resolución do Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia de data 4/07/2018. Fronte á dita resolución non se interpuxo recurso contencioso-administrativo, quedando por tanto firme a resolución e procedéndose ao aboamento da multa.

**2.** No fundamento de Dereito quinto da resolución do Conselleiro de Sanidade de data 4/07/2018 recóllese, en resumo, o fundamento para a imposición da sanción:

“[...] o Concello non cumpriu coa súa obriga de informar aos usuarios-bañistas da contaminación existente por escherichia coli nas augas de baño de Praia América.

En efecto, non existe dúbida de que os días 9 e 10 de agosto existía unha contaminación nas augas da zona de baño de Praia América. Este feito non só está acreditado polas análíticas realizadas polo Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, neste suposto, encargado do control sanitario oficial das mostras que se recolleron dentro do Programa de vixilancia sanitaria da zona de baño de Galicia, senón tamén polas declaracións do Concello quen, segundo as súas alegacións e a noticia publicada no diario La Voz de Galicia, estivo traballando para tentar paliar a situación. Do mesmo xeito, está acreditado que o Concello non cumpriu coa súa obriga de informar, mediante carteis, aos usuarios-bañistas da contaminación por escherichia coli na zona de baño de Praia América. [...]”

**3.** Na sesión celebrada o 29/11/2018, o Pleno do Concello de Nigrán, aludindo á sanción á que se ven de referir, acordou o seguinte:

“1. Iniciar un expediente de responsabilidade patrimonial para reclamar a D. Juan Antonio González Pérez, Alcalde de Nigrán a cantidade de 3.005,07 euros, polos feitos descritos na exposición de motivos, presuntamente causantes da lesión producida ao patrimonio de Nigrán ao realizarse o pago da sanción descrita anteriormente.

2. Requirir ao Alcalde a tramitación do citado expediente, sometido ao principio de celeridade, conforme ao previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.”

**4.** Á vista do referido acordo plenario, consta que con data 17/12/2018 ditouse resolución da Alcaldía acordando declarar a abstención a título persoal de D. Juan Antonio González Pérez, e nomear suplente para a tramitación do procedemento á Primeira Tenencia de Alcaldía.

**5.** Mediante oficio da Primeira Tenencia de Alcaldía do 20/12/2018 solicitouse colaboración á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación do expediente, que foi rexeitada mediante un oficio do 10/01/2019 asinado polo xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.





## Fundamentos xurídicos

### 1. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións.

A imputación directa á Administración dos danos causados polas autoridades e empregados públicos a través da institución da responsabilidade patrimonial non exime aos segundos de responder dos danos que pola súa eventual dolo, culpa ou negligencia graves podan causarse á Administración.

A responsabilidade patrimonial das autoridades e empregados públicos adoita a clasificarse en dúas categorías: por unha parte, na responsabilidade directa, cando o dano se produce directamente nos bens e dereitos do ente público concorrendo dolo, culpa ou negligencia graves (art. 36.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público - LRXSP -); por outra, na responsabilidade indirecta ou “acción de regreso”, cando a Administración se vexa prexudicada por ter que indemnizar a un particular como consecuencia da actuación lesiva do persoal ao seu servizo, igualmente mediando dolo, culpa ou negligencia grave (art. 36.2 da LRXSP).

Pola súa banda, o art. 78 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local (LBRL), e o art. 229 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), establecen que os membros das corporacións locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo, que se esixirán ante os tribunais competentes e se tramitarán polo procedemento ordinario aplicable. Establécese igualmente que as corporacións locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causasen danos ou prexuízos á corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por aquela.

O art. 60 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), establece igualmente que as autoridades e funcionarios que, por dolo ou culpa ou negligencia, adopten resolucións ou realicen actos con infracción das disposicións legais, estarán obrigados a indemnizar á corporación local os danos e prexuízos que sexan consecuencia de aqueles, con independencia da responsabilidade penal ou disciplinaria que lles poda corresponder.

Por último, o art. 225 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), establece que “Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo, culpa o negligencia graves, hubieren causado daños y perjuicios a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquélla”.

No caso que nos ocupa, o Pleno do Concello considerou que a actuación de D. Juan Antonio González Pérez, persoa titular da Alcaldía na data dos feitos que a Consellería de Sanidade aduciu como fundamento para a imposición dunha sanción ao Concello, podería ter causado un prexuízo á facenda municipal que ascendería aos 3.005,07 euros nos que consistiu esa sanción de multa.

### 2. Tramitación do procedemento.

De conformidade co art. 36.4 da LRXSP, o procedemento para esixir a responsabilidade das autoridades ou empregados públicos debe substanciarse conforme o disposto na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, iniciándose por acordo do órgano competente que se notificará aos interesados, e que constará como mínimo dos seguintes trámites:

- a) Alegaciones durante un prazo de quince días.
- b) Práctica de las pruebas admitidas y cualesquiera otras que el órgano competente estime oportunas durante un plazo de quince días.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- c) Audiencia durante un prazo de diez días.
- d) Formulación de la proposta de resolución en un prazo de cinco días a contar desde la finalización del trámite de audiencia.
- e) Resolución por el órgano competente en el prazo de cinco días.”

Consta que con data 17/12/2018 ditouse resolución da Alcaldía pola cal se declarou a abstención da persoa titular da Alcaldía para a tramitación do presente expediente, sinalándose que lle corresponde á Primeira Tenencia de Alcaldía a tramitación.

Visto canto antecede, esta Tenencia de Alcaldía **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- Dar trámite** ao expediente para, no caso de que proceda, **reclamar a D. Juan Antonio González Pérez a responsabilidade que poda derivarse da imposición pola Consellería de Sanidade ao Concello de Nigrán dunha multa de 3.005,07 euros**, pola comisión dunha infracción administrativa grave tipificada no art. 42.e) da Lei de Saúde de Galicia.

**SEGUNDO.-** Incorporar a este expediente os seguintes documentos:

- Documentación que obra ao expediente 2017003064.

**TERCEIRO.-** Conceder ao interesado a posibilidade de formular **ALEGACIÓNS** no prazo de **QUINCE DÍAS**, dentro do cal poderá consultar o expediente e formular as alegacións ou presentar os medios de proba que estime pertinente.

**CUARTO.-** Notificar esta providencia ao interesado, advertíndolle que fronte a ela non cabe recurso ningún por tratarse dun acto de mero trámite (art. 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), e dar conta dela na seguinte sesión plenaria.

A Primeira Tenente de Alcalde, por suplencia da Alcaldía acordada por ese mesmo órgano nunha resolución do 17/12/2018.

### **II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO POLO CONCELLO DE NIGRÁN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018.**

Os informes da Intervención municipal que conteñen a información correspondente son os que a seguir se indentifican:

- Rfa. T 13/19
- Data de emisión: 31-01-2019

- Epígrafe: obxectivo de estabilidade orzamentaria, á “Regla de gasto”, e ao nivel de débeda viva estimados no cuarto trimestre de 2018, para o ano 2018.

### **II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO CONCELLO DE NIGRÁN DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018.**







A documentación de referencia facilitada pola Intervención municipal, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o cuarto trimestre do exercicio 2018.

#### **II.4.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ORDES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018.**

A documentación de referencia é a facilitada pola Intervención municipal sobre relacións contables con reparos no 4º trimestre 2018.

#### **II.5.- ROGOS E PREGUNTAS**

1.- *Dª. Rosa Rodríguez Rodríguez, do Grupo Popular:*

1.1. Pide que, si se puede, se talen los árboles que están en el antiguo colegio infantil de Chandebrito, que están quemados por los incendios y hay riesgo de que pueda haber algún desprendimiento.

1.2. Creo que es la tercera vez que pregunto por el expediente, y todavía no se ha tenido respuesta alguna, sobre una caída de una señora mayor en el Centro de la Tercera Edad en el 2015. Estamos en el 2019 y la señora no sabe nada. La señora tiene 83 años. Ruego que se le conteste.

2.- *D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:*

2.1. Anunciou o goberno que iba a dar unhas vantaxes para a conexión do saneamento e o abastecemento en Parada e en Camos, porque non había que repoñer o pavimento. Rogo que amplíe esas vantaxes a todas as rúas que se van asfaltar agora.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non son vantaxes, o único que se fai é que se lle avisa á xente que quere conectar, que se vai asfaltar ou a pór o saneamento nesa rúa, para que, senón está conectado, que o faga antes do asfaltado. Iso faise con todas as rúas cun buzono polas casas. É moito máis barato, porque non teñen que pagar a reposición.

2.2. Sabedes que pasa co muro que hai nos Abetos?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Había un aviso de que estaba en perigo, e está cunhas medidas de seguridade previas, e estase facendo a tramitación para levar a cabo a obra. Mellor cortar o carril que lle caía a alguén enriba.

2.3. Sabe xa quen organiza Vive Nigrán 2019?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Seguimos traballando no tema.

2.4. Solicitou vostede unha subvención por importe de 20.000 euros para a actividade Vive Nigrán?





*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

2.5. 28 de xaneiro de 2019. "...Segundo.- solicitar unha subvención por importe de 20.000 € con cargo ao Plan de Obras e Servizos..."

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non é unha subvención, é dentro do Plan Concellos na Liña 2.

2.6. Para que solicitou dita subvención, para regalárllelo a unha empresa privada ou para organizar o Concello?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos traballando niso.

*Sr. Cuevas Raposo:* Na páxina web de Vive Nigrán indícase o seguinte para a venda de entradas: "...Los términos y condiciones que a continuación se indican regulan las condiciones de venta de entradas y accesos para el Picnic Pop Festival "Vive Nigrán" 2019 promovido y organizado por la entidad mercantil "Vive Nigrán S.L." Solicitou a empresa Vive Nigrán S.L. as autorizacións pertinentes para realizar esta actividade?"

*Sr. Alcalde-Presidente:* cales autorizacións?

*Sr. Cuevas Raposo:* Pregúntelle ao seu compañeiro de partido, Abel Caballero, que houbo unha certa polémica sobre as autorizacións dun festival que se chama Marisquiño, por un accidente. Supoño que para facer un festival unha empresa privada terá que solicitar polo menos autorización ao Concello para ocupar o dominio público. E ao Concello terá que pagarlle a respectiva taxa por ocupación, non vaia ser que só paguemos os veciños e as empresas non.

2.7. Recibiuse algún informe máis no expediente de modificación das normas subsidiarias?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

2.8. Sobre a perda por parte do goberno da subvención para a mellora de accesos a Porto do Molle preguntamos se presentara recurso ante o Xulgado Contencioso Administrativo; presentou o recurso?

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Está o expediente de contratación do letrado para levalo, pero o prazo non remata ata mediados deste mes de marzo, co cal aínda estamos en prazo para presentar dito recurso.

2.9. Na noticia saíra que pensaban pedir o apoio da Corporación. Parece que se é ata mediados do mes de marzo, xa non pensan pedir o apoio á Corporación?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non deben facer sempre caso das noticias.

*Sr. Cuevas Raposo:* Agradeceríalle que en canto contraten o letrado me informen.





2.10. Recibiuse un informe do PXOM o 4 de decembro da Dirección Xeral de Patrimonio. Recibiuse algún máis?

*Sr. García Moreira:* O que recibiu o 4 de decembro non era ningún informe da Dirección Xeral de Patrimonio, era un oficio para dar traslado dunha serie de consideracións que un particular achegou a Patrimonio. Non se recibiu ningún dos informes do Plan Xeral.

*Sr. Cuevas Raposo:* Xa pasaron 3 meses desde que se enviou. Enviouse o PXOM a Augas de Galicia para ser informado?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

*Sr. Cuevas Raposo:* Enviouse o PXOM a Portos de Galicia para ser informado?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

*Sr. Cuevas Raposo:* Enviouse o PXOM á Axencia Galega de Infraestruturas para ser informado?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

*Sr. Cuevas Raposo:* Enviouse o PXOM ao Servizo Provincial de Costas para ser informado?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos pendentes de Patrimonio.

*Sr. Cuevas Raposo:* A cuestión é que pola Lei do Solo de Galicia, e iso o explicaron vostedes por todas as parroquias, tiñan un prazo de 3 meses para contestar e senón contestaban, a Lei do Solo de Galicia di que o informe é favorable.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Como vostede sempre está defendendo as accións da Xunta de Galicia contra este Concello creo que pode vostede falar con Patrimonio para que nos acelere este trámite, porque parece que vostede é o portavoz do Partido Popular aquí.

*Sr. Cuevas Raposo:* Dígame cando eu defendín unha actuación da Xunta de Galicia contra o Concello de Nigrán. Dígame unha.

2.11. A que esperan para enviar a estes organismos o PXOM?

*Sr. García Moreira:* A Lei de Patrimonio efectivamente pon que en 3 meses teñen que contestar calquera tipo de autorización, igual que tamén en xeral, nunha administración pública, cando fas unha solicitude tes un prazo de 3 meses para que sexa contestada esa solicitude. O único cambio é que se non che contesta unha administración en 3 meses se entenderá denegada e no caso de Patrimonio era á inversa. A propia lei dicía que se en 3 meses non contestan se entenderá afirmativa, pero nun documento tan complexo como o Plan Xeral, e iso si que se dixo nas diferentes parroquias, que había 3 meses, pero que tampouco había que ser





temerarios cun documento tan importante e ademais require tempo a análise dese informe, se informan aos catro ou catro meses e medio, habería que discutir xuridicamente da validez ou non dese informe de Patrimonio, e aínda por riba se ese informe por non esperar e ser temerarios, invalida algo do Plan Xeral, polas súas présas tirariamos o documento do Plan Xeral ao lixo. O que sempre se mantivo, é que son tres meses, pero vaíamos con precaución. Esperemos a que nos envíen ese informe.

*Sr. Cuevas Raposo:* O que non entendo é por que non se lle envía, porque ao mellor imos a enviarlle un plan a uns e outro plan a outros.

2.12. Dirixida a Sra Tenente de Alcalde. No expediente de responsabilidade patrimonial que vostede está tramitando, o 4 de febreiro notificóuselle ao interesado dándolle un prazo de quince días para formular as alegacións que considerase ou presentar os medios de proba pertinentes. Formulou alegacións o interesado?

*D<sup>a</sup>. Raquel Giráldez Armas, Tenente de Alcalde:* Segundo o que me indica el interesado, si.

*Sr. Cuevas Raposo:* Presentou medios de proba?

*Sra. Raquel Giráldez Armas:* No lo sé, no he accedido al expediente todavía.

2.13. Como van as xestións relativas á moción que aprobamos no Pleno, do Clube Náutico de Panxón; sabedes algo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

2.14. Como está a tramitación do ENIL das Dunas? Segue no caixón da Xunta de Galicia?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si.

2.15. No Pleno do 20 de decembro preguntamos polo plan de mobilidade. Contestáronnos que estaba pendente de contratar. Como está o proceso de contratación?

*Sr. Alcalde-Presidente:* En fiscalización a punto de contratar.

2.16. Por canto se vai licitar o plan de mobilidade?

*Sr. Alcalde-Presidente:* 15.000 euros.

2.17. O Concello recibiu unha subvención de 20.000 euros que cubría o 75% da custo da realización do plan. Contratalo por 15.000 euros implica perder 6.000 euros da subvención. Por que renuncia o Concello a eses 6.000 euros da subvención?

*Sr. García Moreira:* Cando se fai un prego de licitación se se entende nese prego que non é necesario 20.000 senón 15.000, pois 5.000 que se aforran os contribuíntes.





2.18. Sería para adxudicalo directamente a unha empresa sen que houbera concurso público?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si.

2.19. Que experiencia ten a empresa á que se lle adxudica sen concurso público en plans de mobilidade?

*Sr. García Moreira:* As regras xerais de contratación permiten unha serie de contratos por razón de importe adxudicalos a unha empresa sempre que se xustifique que esa empresa está relacionada coa prestación dos servizos. Ademais, fanse dous informes, un informe da Concellería e o propio prego, para fundamentar esa petición. Neste caso non vamos a pedirlle un estudio de mobilidade a unha empresa que se dedica a facer polos asados. Será unha empresa técnica que se dedica a facer plans de mobilidade e o demostre coa presentación dunha oferta en condicións.

2.20. Sabía vostede que esta empresa que se dedica a facer plans de mobilidade á que lle pretenden adxudicar o contrato non concorreu a ningunha das licitacións para elaborar plans de mobilidade que aparecen no perfil do contratante da Xunta de Galicia en tres concellos próximos a aquí?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non o sabía.

2.21. Sabía vostede que na páxina web desa empresa non figura absolutamente nada de que realice plans de mobilidade?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non

*Sr. Cuevas Raposo:* Pedireilles o expediente enteiro e, por suposto, a oferta. O plan de mobilidade é un tema que o noso grupo sempre pulou por el e evidentemente o concelleiro que fose determinaría que con 15.000 euros chegaba, pero o plan de mobilidade polo cumprimento dos pregos necesita facer unha enquisa. Recentemente acabábase de pagar unha enquisa a 500 persoas en Nigrán para coñecer o do lixo, e se pagaron 5.000 euros. Se neste plan de mobilidade que vamos a ter que coñecer as prácticas da poboación de Nigrán respecto á mobilidade nos comemos 5.000 euros da enquisa, o prezo paréceme pouco.

*Sr. García Moreira:* A empresa que presente unha oferta ten que cumprir cun prego técnico que á súa vez ven establecido nas bases da Deputación. Se a empresa non presenta ese plan de mobilidade nin cumpre escrupulosamente con ese prego técnico non cobra. Facer unha fiscalización previa dunha empresa a través da súa páxina web e da non concorrencia a dúas licitacións en concellos veciños, como mínimo é imprudente. E deixalo como constancia na acta dun Pleno me parece algo prematuro. As bases son exhaustivas, porque son as que se puxeron desde o departamento de mobilidade da Deputación.

*Sr. Cuevas Raposo:* O que si quero deixar constancia no Pleno é que o goberno decidiu baixar o prezo para adxudicar directamente un contrato, porque sexa o





concelleiro que sexa se decide que o valor dese contrato é de 14.999 euros para non pasar o límite, pode tamén sometelo a concurso público e entón virían os mellores. Eu non dubido da empresa, dubido do prezo e do prazo.

**3.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:**

3.1. Sobre o punto II.2, avaliación do grado de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do nivel de débeda viva no cuarto trimestre do exercicio 2018, comentar que coa demora na presentación da liquidación do orzamento levamos unha desagradable sorpresa ao encontrarnos que o Concello incumpriu a regra de gasto no exercicio 2017 o que obrigaría a levar a cabo un plan económico financeiro para o 2018-2019. Coa fórmula de presentalo en xaneiro do 2018 evitou que así se puidera facer. Neste informe do cuarto trimestre xa nos indica un pouco por onde poden ir os tiros. Podería haber a posibilidade de que se puidese corrixir o rumbo, pero da a sensación que é todo o contrario. Se ben no 2017 o incumprimento da regra de gasto estaba entorno a 470.000 euros e supuxo un 6 e pico por cento con respecto ao límite establecido. Nos avances provisionais aos que se fai referencia neste informe, con respecto ao 2018, a cifra pode chegar a un millón de euros. Inicialmente está entorno a 500 e pico mil pero xa especifica o Interventor no seu informe que hai unha serie de gastos aínda sen contabilizar como a reforma do pavillón por cerca de 90.000 euros, a mellora dos accesos a Porto do Molle, que tendo en conta que con eses 120.000 euros perdidos da subvención da Xunta, poden rondar entorno aos 200.000 euros, máis a construción dun muro entorno a 100.000 euros, estamos nunha situación moi preocupante. Se estas cifras se manteñen nestes termos, incluso o risco é que vaia a máis. Cando ten previsto presentar a liquidación do 2018 para saber e levar o plan económico financeiro?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Vamos a esperar á liquidación. Esperemos que sexa en breve.

*Sr. Fernández Comesaña:* Pode entenderse que pode ser unha estratexia, alargar o problema para evitar facer o que hai que facer.

3.2. No prazo medio de pago parece que tampouco andan moi dilixentes en canto a cumprimento de prazos. No informe di que o prazo medio está entorno a 85 días e que dentro do período de prazo pagouse un millón de euros e que fóra do período pagouse case 1,5 millóns de euros, co cal houbo que afrontar xuros por importe de 500 e pico euros.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non debemos ter a mesma información, porque aquí pon 2,40 días.

*Sr. Fernández Comesaña:* O informe da Tesoureira di que desde que chega o pago recoñecido a ela o paga, iso é distinto. Vostede le a parte que lle convén. O informe di que os gastos realizados sen consignación orzamentaria adecuada e suficiente ou sen tramitar o regulamentario procedemento de contratación, cuxa aprobación polo Pleno da Corporación a través de recoñecemento extraxudicial de crédito, demórase en exceso. O que se demora é o prazo de aprobación.

3.3. Pide que se rotule e rechee a rúa que comunica o camiño Vello coa P0-552 que se atopa con socavóns.





3.4. Cada vez que se organiza algunha excursión con pensionistas solen concentrarse os autobuses diante do concello e á mesma hora de entrada de alumnos no colexio Humberto Juanes, saturando o entorno e colapsando o tráfico a unha hora punta de entrada no colexio. Rogo que se cambie a saída de autobuses para outra zona que orixine menos problemas como pode ser o entorno do Pavillón de Panxón, ou que non coincida co horario de apertura do colexio.

3.5. Que se limpe e acondicione o entorno do lavadoiro/fonte en Lugar do Monte, así como que se repoña a luz existente.

3.6. Sr. Alcalde, recentemente decatámonos pola prensa que se desprazou a Madrid para xestionar a recuperación do mosaico Romano de Panxón en poder dun anticuario de Nova York. Pódenos informar en que situación se atopan os trámites? Terá algún custe para o Concello?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non sei se terá algún custe para o Concello. Nós o que estamos intentando é que a través do goberno de España se fagan os trámites. Me reunín co presidente de Acción Cultural Española e coa embaixada de España en Nova York para pórse en contacto co vendedor. Eu espero que teña o menos custe posible. É unha tramitación que están facendo desde o Ministerio en Madrid. Se o adquire a Administración quedaría en 56 mil dólares e a intención é que o faga a administración do Estado.

3.7. Aproveitou para facer algunha xestión ante o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, e conseguir desbloquear dunha vez por todas os atrancos que aínda existen para conseguir a cesión do antigo ambulatorio de Panxón? Recibiu algunha contestación por escrito que dixo publicamente que había remitido á Subdelegación do Goberno e que se reuniu con Maica Larriba onde obtivo conclusións moi alentadoras (23/9/18)? Non lle parece que é unha tomadura de pelo que leve case tres anos pechado e que aínda sigamos esperando? Por que non toma en serio a solución deste problema?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Porque non son eu o que ten que tomar a solución. Polo visto non é tan sinxelo polo tema urbanístico.

*Sr. Fernández Comesaña:* Antes a desculpa para que isto non fora adiante era que o goberno de Madrid era do PP. O tema urbanístico senón se aborda seguirá sendo o problema. Eu falei co xurídico, pero o ten no último escalón de todo o monte de expedientes. Se ninguén politicamente lle da instrucións para que o faga tocaralle sabe Deus cando. Non ten ningunha providencia do Alcalde que lle ordene. Delle a orde ao xurídico para que se poña co expediente e vostede se ten que facer algunha xestión política en Madrid fágaa.

3.8. No pasado pleno rogueille levar a cabo o control pola Policía Local ou Garda Civil durante as noites no recinto do colexio Humberto Juanes polo acceso de mozos e que ao parecer puideran estar trapicheando con drogas, así como a instalación de puntos de luz. Lamentablemente as luces aínda non funcionan. Para cando estarán? Púxose en marcha algún operativo de seguimento de control periódico?.





*D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado:* Los puntos de luz están pendientes de colocarlos, pero en estas fechas del año las averías son constantes y los electricistas se dedican primero a reparar las averías y a medida que van teniendo hueco se dedican a la reposición de puntos de luz.

*Sr. Fernández Comesaña:* Se non se pode resolver con medios propios haberá que buscar outra solución.

*Sr. Rial Sánchez:* Con la Policía Local se comentó el tema para que intensificara la vigilancia en la zona. Con la Guardia Civil no se habló, pero se le comentará también.

*Sr. Fernández Comesaña:* Iso pode derivar nun problema maior senón se controla. Incluso o conserxe está varrendo polas mañás desperdicios que indican que se están utilizando cousas non adecuadas para un recinto escolar.

3.9. Na rúa Manuel Alonso colocáronse pasos de peóns elevados, pero no situado á altura da rúa Castelao taponouse un rexistro de recollida de augas pluviais e está orixinando un embalsamento de auga que produce problemas para os peóns. Teñen coñecemento dos feitos? Esixíronlle á empresa a súa reposición?.

*Sr. Rial Sánchez:* Está previsto arreglarlo.

3.10. Igualmente sucede en Sancho (rúa Costa da Barxa), que recentemente cambiaron o emprazamento dos contedores pero no novo emprazamento realizouse unha base de formigón cegando tamén unha arqueta de rexistro de conexión da rede de sumidoiros da propia vivenda. Teñen previsto deixar descuberta a arqueta?.

3.11. O proxecto de saneamento no Camiño da Carouxa en A Rotea-Camos e segundo as miñas noticias leva desde o pasado mes de xuño cos informes favorables tanto de Augas de Galicia como dos técnicos municipais ou externos. Cal é a razón de que aínda non se puxera en marcha o proceso de licitación dado que existe consignación orzamentaria suficiente? Existe algún problema que o impida?.

*Sr. Rial Sánchez:* Non existe consignación orzamentaria agora mesmo para executar ese proxecto. Os informes son recentes. O expediente quedou completo a finais do ano pasado ou principios deste.

*Sr. Fernández Comesaña:* O máis importante, que era o de Augas de Galicia chegou no mes de xuño. Os veciños están preguntando e dispostos a conectar a través de fincas particulares. En Intervención dixéronme que os orzamentos están prorrogados e que non debería haber problema. Se non teñen o expediente, non poden facer a retención.

*Sr. Rial Sánchez:* A partida existente é xenérica de inversión e obras de saneamento que se usa ao longo do ano para reparacións e obras que se fan desde o departamento de obras, non para proxectos en si.







3.12. O DOG do pasado 23/1/19 publicou anuncio para solicitar unha bonificación do 10% do canon que se paga a Sogama para o tratamento do lixo, pasando de 69,83€ a 62,93€/tonelada tratada. Presentouse a solicitude?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Comunicóuselle a Sogama que se puidera aplicar para o ano 2020, porque para este ano xa está aprobado o pago dos impostos.

*Sr. Fernández Comesaña:* Esta bonificación estaba orientada a reducir a tarifa que se cobra aos cidadáns, pero tamén dicía que a partir de xaneiro do 2020, pero a petición había que facela agora.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa está feita.

3.13. Recentemente tivemos coñecemento pola prensa da intención de Zona Franca de que, ante a falta de solo industrial, pretende cambiar a clasificación de solo pendente de desenvolvemento e destinado a "Area tecnolóxica e de Servizos" dunha superficie aproximada de 95.592m<sup>2</sup> (a incrementar aos 340.260 m<sup>2</sup> inicialmente previstos para a área Industrial, que sumados aos 85.900m<sup>2</sup> de chan comercial totaliza os 555.000m<sup>2</sup> de chan industrial e terciario), coa intención de transformar o 50% para solo industrial ante a demanda existente. Que nos pode informar? Está en trámite algún expediente de modificación correspondente?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O presentaron como unha alegación á modificación das normas para que iso puidese ir dentro desa modificación e terá que vir ao Pleno e valoralo.

3.14. Que xestións realizou para poder dispor do terreo necesario para a construción de nave-almacén parque maquinaria municipal en Porto do Molle e en que situación se atopa?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non hai xestión. Estamos nunha nave que nos está facendo un bo servizo. Comprar unha parcela e facer unha nave supón millóns de euros. Agora como estamos, estamos ben.

#### 4.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

4.1. Recentemente publicouse no DOG o anteproxecto de contrato de transportes públicos de Galiza. Recolle a definición das liñas que sairán a concurso proximamente. Esta é unha primeira fase na que non está o Val Miñor, que aparecerá nunha segunda fase que previsiblemente publicárase en xuño ou xullo seguramente, para ser obxecto de información pública. O que nos afecta a nós está sendo agora obxecto de redacción. Como este é un asunto para nós de capital importancia, pediría ao goberno municipal que traslade xa á Consellería de Infraestruturas en nome do Concello de Nigrán, as demandas de modificación de transporte público que consideren necesarias para a nosa localidade, porque cando se pode incidir máis facilmente no proxecto é na fase de redacción. Particularmente hai dúas fundamentais, a implantación de liñas de transporte público regular co colexio universitario de Vigo e co hospital Alvaro Cunqueiro.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu creo que xa están mandadas esas peticións á Consellería.

*Sr. García Moreira:* Previo a eses contratos fixéronse uns estudos e puxéronse en contacto cos diferentes concellos e aí se mandaron as demandas e se priorizou en concreto estas dúas. O que está enviado é no seo da empresa que estaba realizando o estudo; púxoselle de manifesto o que para nós eran prioridades. Recordarlllo a día de hoxe, perfecto.

4.2. Falando das obras de seguridade viaria na PO-552, á parte das manifestacións do goberno rexeitando o proxecto por falta de aceptación por parte da Xunta das alegacións, eu quería referirme a unha en concreto, na que eu incidín, que é a falla de comunicación peonil no entorno de URECA, que me parece un asunto da máxima importancia. O que din non é que está mal, senón que non é obxecto da actuación e que podía ser obxecto dunha actuación posterior. Eu o que pediría é que collendo a palabra, que xa o Concello de Nigrán solicite á Consellería esa actuación.

4.3. No Pleno pasado aprobamos unha moción por unanimidade instando á Consellería de Sanidade e á Xerencia da Área Integrada do SERGAS de Vigo para que recuperaran unha segunda ambulancia que se suprimiu alá polo 2011 no Val Miñor. Enviáronse as comunicacións?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Imaxino que si, porque é algo automático da Administración.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Eu pedín nese Pleno que, para ter constancia, se nos facilitara copia do envío. Rogo que se me facilite.

4.4. Está tendo lugar o proceso selectivo para a provisión de 3 prazas de Policía Local. Xa se celebrou o primeiro exercicio de coñecementos e convocouse a realización do 2º e 3º exercicio. O 2º é o coñecemento da lingua galega e o 3º aptitude física e probas físicas. Respecto ao 2º, coñecemento da lingua galega, só se convoca a un dos aspirantes para o día 5 de marzo, martes, ás 9.30 no pavillón municipal de Baiona? Cal é o motivo de que se convoque para facer a proba de coñecemento de lingua galega noutra localidade?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Porque despois fan as probas físicas en Baiona.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Ou sexa que necesitamos unha pista de atletismo en Nigrán.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace  
O ALCALDE  
Juan Antonio González Pérez

